

Texto e ilustracións: **FELIPE UGALDE**

Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 27x21 cm.

40 páxinas. Ilustracións en color.

Elementos fosforescentes en portada e lámina anexa

Dispoñible en:

- Galego: "Un gran soño". ISBN 978-84-8464-655-6
- Castelán: "Un gran sueño". ISBN 978-84-92608-14-0
- Catalán: "Un gran somni". ISBN 978-84-936667-9-8
- Euskera: "Amets handi bat". ISBN 978-84-7681-595-3
- Portugués: "Um grande sonho". ISBN 978-989-8205-30-8
- Inglés: "A big dream". ISBN 978-84-8464-684-6
- Italiano: "Un grande sogno". ISBN 978-88-95933-23-8

Prezo: 15 €

UN GRAN SOÑO

**Era un pequecho con grandes soños,
ansioso por medrar, por ser grande,
por ser alguén que non pasase... inadvertido.**



O álbum ilustrado gañador do II Premio Internacional Compostela é un microrrelato de gran valor literario, que transporta o lector ao fascinante mundo da mitoloxía maia e da astronomía. O mexicano Felipe Ugalde cóntanos a historia dun crocodilo que aspira a trascender, a través do tempo e do espazo, máis aló mesmo da súa propia existencia no mundo. A súa figura é a metáfora da especie humana e dos seus individuos, no seu afán por medrar e deixar unha fonda pegada do seu paso pola vida. Como o crocodilo, teñen a convicción de estaren destinados a algo importante -aínda sen saber que, nin como logralo- e nese camiño devóranos todo ao seu redor.

Os astrónomos maías representaban a Vía Láctea como unha serpe; unha visión que evolucionou ata a imaxe dunha canoa con forma de crocodilo. Vinculado á constelación de Orión, este animal simbolizaba a conexión entre o mundo e o ceo, os homes e os deuses. Outra faceta destacada da Vía Láctea é o seu vínculo ao Camiño de Santiago, como guía dos peregrinos na súa ruta cara a Compostela.

Por esta riqueza simbólica e a perfección acadada coa técnica do acrílico, *Un gran soño* foi a gañadora do certame, de entre 280 obras de 22 países. O traballo de Felipe Ugalde foi valorado como "o máis completo e equilibrado" pola complementariedade entre texto e imaxe, o enfoque metafórico das ilustracións e o tratamento do concepto do tempo. Un libro que, para o xurado, "non ten idade, porque permite distintas lecturas" segundo os lectores sexan infantís ou adultos.

FELIPE UGALDE (México, 1962)

Estudou Comunicación Gráfica na Escola Nacional de Artes Plásticas da UNAM (México), onde foi profesor de Ilustración. Ao longo da súa traxectoria artística recibiu diversos galardóns. Participa coa súa obra en exposicións e imparte obradoiros de plástica. Traballa como ilustrador de álbums infantís, libros de texto e material didáctico dende hai máis de 20 anos. Creou a historia de *Un gran soño* a raíz de participar nun taller de álbum ilustrado celebrado na Cidade de México.

- **Temática:** as ansias de grandeza, metáfora da especie humana
- **Idade recomendada:** dende 5 anos, todos os públicos
- **Aspectos destacables:** obra gañadora do II Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e KALANDRAKA; Mitoloxía, Ano Internacional da Astronomía, Ano Xacobeo; riqueza de elementos simbólicos; tratamento artístico da evolución do tempo
- **Complementos:** portada con elementos fosforescentes; lámina anexa con figuras adhesivas de estrelas luminosas para xogar a crear constelacións no teito da habitación

